



SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica, que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto, a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as sociedades mercantís públicas. Segundo o artigo 102 da citada lei, son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas na Lei 16/2010 ás sociedades mercantís que, sen ter a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopan nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios.
- b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei, teñan dereito a nomear ou a separar á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben, mediante acordos con outros socios.

A Resolución de 22 de xullo do ano 2022, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 21 de xuño de 2022, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, establece os formatos que deberán empregar as sociedades mercantís públicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir,

presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2023, así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	14.403	380
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	3.996	760
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	780	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	2.572	20
Galicia calidade,S.A.U.	1.018	7
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	2.566	416
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	6.848	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	27.943	
Xenética Fontao, S.A.	4.171	165
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	18.272	2.985
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	164.961	30.790
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	32.077	20
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	116.861	9.799
Total	396.469	45.341

(Miles de Euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	0	9.571
Galicia calidade,S.A.U.	395	440
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	758	635
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	5.243	0
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	0	7.750
Xenética Fontao, S.A.	150	0
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	17.171	839
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	0	14.604
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	0	7.000
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	0	250
TOTAL	23.716	41.088

(Miles de Euros)